



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/17

Vista a necesidade de executar neste exercicio 2017 o investimento para a construción dun Centro de recollida de animais abandonados, que ten un orzamento de 82.514,20 €, como se detalla na Memoria da Alcaldía que figura no expediente.

Visto que na aplicación orzamentaria 1723.62300 non existe crédito orzamentario para o custe de dito investimento.

Visto que é posible a financiación deste investimento con unha operación de endebedamento a longo prazo de acordo co apartado b) do artigo 50 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

Proponse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 01/17, por un importe total de 83.514,50 € coa finalidade seguinte:

- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS:

PROGRAMA	ECONOMICA	DENOMINACION	IMPORTE
1723	62300	Benestar animal. Inwestimentos novos en edificios e outras construcións	83.514,20 €

O medio de financiamento será unha nova operación de endebedamento a longo prazo polo importe de investimento:

SUBCONCEPTO DE INGRESOS:

SUBCONCEPTO	DENOMINACION	IMPORTE
91300	Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fora do sector público	83.514,20 €



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

SEGUNDO.- Autorizar a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo polo importe do crédito extraordinario, que se poderá instrumentar mediante póliza de crédito con unha duración máxima de dous anos, transcorrida a cal consolidarase como operación a longo prazo polo con un periodo de amortización máximo de 20 anos, polo importe efectivamente disposto.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a tramitación e adxudicación da operación de endebedamento que financia este crédito extraordinario nos termos previstos no punto SEGUNDO deste acordo.

CUARTO.- Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,

O Alcalde

José Luis Piñeiro García